

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

Número 2 .- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concertación dunha operación de préstamo a longo prazo para financiamento de inversións, con previa apertura de crédito.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 29 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

2 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA RELATIVA Á CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO PARA FINANCIAMENTO DE INVERSIÓNS, CON PREVIA APERTURA DE CRÉDITO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 27 de xuño de 2017, da concelleira delegada de Facenda e do informe-proposta do Tesoureiro, de data 26.6.2017; así como do informe de Intervención nº 460/2017, de 21.6.2017, con corrección de erros materiais do mesmo con data 27.6.2017.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"INFORME - PROPOSTA

EXPEDIENTE: EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A CONCERTACIÓN DUNHA OPERACION DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS E TRANSFERENCIAS DE CAPITAL POR IMPORTE DE TRES MILLÓNS SEISCENTOS MIL EUROS (3.600.000 €) CON PREVIA APERTURA DE CRÉDITO.

DOCUMENTO: PROVIDENCIA DE INICIO.

ÓRGANO: CONCELLARÍA DE FACENDA

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

1.- ANTECEDENTES

1.- O orzamento do Concello para o ano 2017 aprobado na sesión do Pleno de data 18 de febreiro e publicado no BOP número 55 de data 22 de marzo prevé no orzamento de ingresos dentro das operacións financeiras no capitulo 9 -relativo ao financiamento procedente de emisión de débeda pública e de prestamos-, no artigo 91 -relativo a préstamos recibidos en euros-, no concepto 913 -relativo a préstamos recibidos a longo prazo de entes de fora do sector público- a apelación ao préstamo por importe de tres millóns seiscentos mil euros (3.600.000,00).

2.- Con data 22 de marzo de 2017 a Concelleira delegada de Facenda dita providencia ordenando iniciar o expediente para a concertación da operación de crédito para o que de xeito inicial e a fin de determinar a súa viabilidade solicita á Intervención municipal a información contable necesaria para o inicio e da orde á Tesourería para que tramite o expediente mediante a redacción do prego de condicións a fin de fixar as condicións para a contratación.

3.- Incorporada a información contable mediante o informe da Intervención municipal 460/2017 de data 21 de xuño e redactado o proxecto de prego de condicións con data 22 de xuño procede continuar a tramitación coa emisión do presente informe.

2. LEXISLACION APLICABLE.

A lexislación aplicable está contida:

1.- Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. (TRLRFL, en adiante)


O artigo 48 do TRLRFL prevé que as entidades locais poden concertar operacións de crédito en todas as súas modalidades, tanto a curto como a longo prazo, así como operacións financeiras de cobertura e xestión do risco do tipo de xuro e do tipo de cambio.

O artigo 48 bis do TRLRFL engadido polo parágrafo un da disposición final primeira do Real Decreto - lei 17/2014 de 26 de decembro establece a obriga de que todas as operacións financeiras que subscriban as Corporacións Locais estean suxeitas ao principio de prudencia financeira entendendo por prudencia financeira o conxunto

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

de condicións que deben cumprir as operacións financeiras para minimizar o seu risco e custe. Consonte coa letra b) do parágrafo segundo son operacións financeiras relativas a pasivos financeiros as operacións de crédito. O parágrafo terceiro establece que as condicións que deben cumprir as operacións financeiras previstas na letra b) do apartado anterior estableceranse por Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira. Pola súa banda o parágrafo catro recolle a obriga das Corporacións locais de velar pola aplicación do principio de prudencia financeira ao conxunto do seu sector público.

O artigo 49 do TRLRFL prevé que para o financiamento dos seus investimentos as entidades locais poderán acudir ao crédito público e privado a longo prazo en calquera das súas formas podendo instrumentalalo, entre outras, mediante a contratación de créditos e préstamos.


 O artigo 50 do antedito TRLRFL esixe, como norma xeral, para a concertación de calquera das modalidades de crédito previstas na lei, agás a regulada no artigo 149 (operacións concertadas polas Deputacións para anticipar fondos as entidades que teñen delegado a recadación de determinados impostos) , que a Corporación dispoña de Orzamento aprobado para o exercicio en curso, e sexa xustificado este extremo no momento de subscribir o correspondente contrato, póliza ou documento mercantil no que se soporte a operación.

O artigo 52 do TRLRFL establece no parágrafo segundo a esixencia do previo informe da Intervención no que se analizará, especialmente, a capacidade da entidade local para facer fronte, no tempo as obrigas que da operación se deriven. O mesmo artigo no parágrafo primeiro recolle que á concertación ou modificación de toda clase de operacións de crédito con entidades financeiras de calquera natureza, cuxa actividade estea sometida a normas de dereito privado, vinculadas á xestión do presuposto, será de aplicación o previsto no artigo 3.1.k) do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño -mención que debe entenderse feita con referencia ó artigo 4.1.1) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro pola que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP, en adiante)-.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento CMG11116W	Expediente	Fecha 30-06-17 08:41

O artigo 53 do TRLRFL regula o réxime de autorización das operacións de crédito a longo prazo establecendo que non se precisará autorización dos órganos competentes do Ministerio de Facenda ou da Comunidade Autónoma que teña atribuída no seu Estatuto competencia na materia, cando a entidade local presente:

- a) Aforro neto positivo.
- b) Volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a corto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada, non supere o 110% dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, ou, no seu defecto, no precedente a este último cando o cómputo teña que realizarse no primeiro semestre do ano e non se liquidara o orzamento correspondente a aquel, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados

 2.- Tamén se deben ter en conta as seguintes normas ditadas polo Goberno facendo uso do preceptuado no artigo 53.9 do TRLRFL. Para este exercicio 2016 deben terse en conta as seguintes:

2.1.- Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2013.

A Disposición Final Trixésima primeira denominada "Modificación do Real Decreto - Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público" establece con efectos da entrada en vigor da Lei e con vixencia indefinida, que a disposición adicional decimocuarta do Real Decreto - Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, queda redactada como segue:

"As Entidades Locais e as súas entidades dependentes clasificadas no sector Administracións Públicas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema Europeo de Contas, que liquiden o exercicio inmediato anterior con aforro neto positivo, calculado na forma que establece o artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, cando o volume total do capital vivo non exceda do 75 por cento dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, con suxeición, no seu caso, ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e á Normativa de Estabilidade Orzamentaria.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11I16W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

As Entidades Locais que teñan un volume de endebedamento que, excedendo ó citado no parágrafo anterior, non supere ó establecido no artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, poderán concertar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais.

As entidades que presenten aforro neto negativo ou un volume de endebedamento vivo superior ao recollido no artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, non poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.

As Entidades Locais porán a disposición das entidades financeiras que participen nos seus procedementos para a concertación de operacións de crédito, o informe da Intervención local regulado no apartado 2 do artigo 52 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no que se incluírán os cálculos que acrediten o cumprimento dos límites citados nos parágrafos anteriores e calquera outros axustes que afecten á medición da capacidade de pago, así como o cumprimento, nos casos que resulte de aplicación, da autorización preceptiva regulada no artigo 53.5 da citada norma e no artigo 20 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, podendo as entidades financeiras, no seu caso, modificar ou retirar as súas ofertas, unha vez coñecido o contido do informe".

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG11I16W		30-06-17 08:41

2.2.- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

O artigo 13.5 establece que a autorización do Estado, ou no seu caso das Comunidades Autónomas, ás Corporacións Locais para realizar operacións de crédito e emisións de débeda, en cumprimento do establecido no artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, terá en conta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, así como o cumprimento dos principios e as obrigas que se derivan da aplicación desta Lei.

Así mesmo, o artigo 20.2 da citada Lei orgánica establece para as Corporacións locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do TRLRFL que nos supostos de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ou de débeda pública as operacións de endebedamento a longo prazo da corporación local que incumpre precisarán autorización previa do órgano de tutela financeira.

2.3.- Orden HAP/2015/2012 de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012.

O artigo 17 recolle o deber de comunicar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas as condicións da operación e o seu cadro de amortización no prazo de un mes dende que se subscriba, cancele ou modifique a operación de préstamo, crédito ou emisións de débeda.

2.4.- Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaria Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable as operacións de endebedamento e derivados das Comunidades Autónomas e Entidades Locais.

No seu apartado primeiro relativo ao alcance e ao principio de prudencia financeira recolle: "*Las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales sólo podrán concertar operaciones de endeudamiento y de derivados financieros en los términos que se establecen en los siguientes apartados,...*".

No seu apartado segundo relativo aos instrumentos recolle: "*1. Las Comunidades Autónomas y Entidades Locales dentro del ámbito de aplicación de la presente Resolución, podrán realizar operaciones de endeudamiento a través de, entre otros, los siguientes instrumentos:*
d) *Préstamos a largo plazo*".

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

No seu apartado terceiro relativo as condicións financeiras das operacións de endebedamento dispón: "El coste total máximo de las operaciones de endeudamiento, incluyendo comisiones y otros gastos, salvo las comisiones citadas en el Anexo 3, no podrá superar el coste de financiación del Estado al plazo medio de la operación, incrementado en el diferencial que corresponda según lo establecido en el Anexo 3 de esta Resolución. Las Comunidades Autónomas, y Entidades Locales que cuenten con herramientas de valoración propias o un asesoramiento externo independiente, podrán determinar en el momento de la operación el coste de financiación del Tesoro en base a la metodología contenida en el anexo 2 de esta Resolución. El resto de Administraciones, para conocer el coste de financiación del Estado a cada plazo medio, emplearán la tabla de tipos fijos o los diferenciales máximos aplicables sobre cada referencia que publique mensualmente, mediante Resolución, la Dirección General del Tesoro. Los costes máximos publicados permanecerán en vigor mientras no se publiquen nuevos costes. En el caso de emisiones de valores, la Administración correspondiente deberá establecer el precio empleando el Anexo 2 de la Resolución. El cumplimiento de la condición de coste máximo se considerará en el momento de apertura del proceso de licitación en el caso de concursos públicos o en el momento de la presentación de las ofertas firmes por las entidades financieras en el caso de financiación a través de una negociación bilateral... Las operaciones susceptibles de ser cubiertas por el Fondo de Financiación a Entidades Locales tendrán un plan de amortización en el que las liquidaciones de intereses coincidirán con las fechas de vencimientos de principal".

No Anexo 3 relativo a diferenciais máximos sobre o custe de financiamento do Estado e outras condicións financeiras aplicables ás operación de endebedamento de Comunidades Autónoma e Entidades Locais recolle: "2. Para las Entidades Locales, los diferenciales máximos sobre el coste de financiación del Estado serán:

i. Operaciones no instrumentadas en valores cuyos vencimientos quedan cubiertos por el Fondo de Financiación a Entidades Locales (Fondo de Ordenación o Fondo de impulso económico): 20 puntos básicos.

ii. Operaciones no instrumentadas en valores cuyos vencimientos no quedan cubiertos por el Fondo de Financiación a Entidades Locales:

- a) Operaciones a largo plazo concertadas por Entidades Locales que cumplan las condiciones de elegibilidad al Fondo de Impulso Económico: 40 puntos básicos.
- b) Operaciones a corto plazo concertadas por Entidades Locales que cumplan las condiciones de elegibilidad al

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

- Fondo de Impulso Económico: 50 puntos básicos*
- c) *Operaciones a corto y a largo plazo concertadas por Entidades Locales que no cumplan las condiciones de elegibilidad al Fondo de Impulso Económico: 75 puntos básicos.*

3.- Para las Comunidades Autónomas y Entidades Locales, en el caso de las operaciones de endeudamiento con una vida media superior a los diez años, los diferenciales máximos establecidos en los puntos 1 y 2 anteriores se podrán incrementar en un punto básico por año adicional, hasta un máximo de 15 puntos básicos adicionales".

As condicións de elixibilidade ao Fondo de impulso económico as fixa o artigo 50 do Real decreto lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico. Estas condicións son:

- .- a) Que teñan cumprido os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública;*
- .- b) Que o seu período medio de pago a provedores non supere en mais de trinta días o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade durante os dous últimos meses previos á solicitude;*
- .- c) Que estean ao corrente das súas obrigas de subministro de información económico - financeira.*

A estes efectos se terá en conta a última información publicada na central de información económico - financeira das Administracións Públicas relativa á liquidación do orzamento, os datos relativos ao endebedamento e ao período medio de pago a provedores.

No mesmo Anexo 3 relativo a diferenciais máximos sobre o custe de financiamento do Estado e outras condicións financeiras aplicables ás operación de endebedamento de Comunidades Autónoma e Entidades Locais recolle:

"6. A los tipos máximos descritos en los puntos 1, 2 y 3 anteriores, se podrán añadir únicamente las siguientes comisiones: a) Comisión de no disponibilidad en las pólizas de crédito, limitada a un máximo de 0,10 % anual..."; b) Comisión de agencia para operaciones sindicadas, con un máximo de 50.000 € anuales.

7 Los intereses de demora no podrán superar el tipo de interés de la operación más un recargo del 2 % anual".

A última Resolución da Dirección Xeral do Tesouro que actualiza o anexo 1 da de 16 de setembro de 2016 é a de 2 de xuño de 2017 (BOE N° 134 06/06/2017) . Os novos custes en función da vida da operación

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

fixada están recollidos no prego de prescricións técnicas e administrativas.

3. CONSIDERACIÓNS:

3.1. REQUISITOS.

En consecuencia, para o exercicio económico 2017, as entidades locais e as súas entidades dependentes clasificadas no sector Administracións Públicas para concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de inversións - sen necesidade autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais- deben cumprir os seguintes requirimentos:

a- orzamento aprobado.

b- aforro neto positivo (nos termos do artigo 53 do TRLRFL e tendo en conta a liquidación do presuposto do exercicio 2016 e, no seu caso, as cifras deducidas dos estados contables consolidados)

c- volume total do capital vivo que non exceda do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, tamén segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, con suxeición, no seu caso, ó TRLRFL e á normativa de Estabilidade Orzamentaria. A efectos do cálculo do capital vivo se considerarán todas as operacións vixentes a 31 de decembro de 2016, incluído o risco deducido de avais e incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostas e no importe da operación proxectada no 2017. (O artigo 53 do TRLRFL prevé que cando o cómputo teña que realizarse no primeiro semestre do ano e non se liquidara o orzamento correspondente ao exercicio inmediatamente anterior se teñan en conta os ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio precedente a este último)

d.- Informe de Intervención.

a.- Orzamento aprobado

O Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2017 atópase en vigor ao estar aprobado definitivamente por acordo do Concello en Pleno de data 18 de febreiro de 2017 (B.O.P. n° 83 de 22.03.2017), dando cumprimento ó estipulado no artigo 50 do mencionado texto legal.

O orzamento está aprobado e publicado.

b.- Aforro neto positivo.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

De conformidade co cálculo dos indicadores legais realizados no informe 460/2017 da Intervención municipal con motivo da tramitación do presente expediente:

.- O aforro neto na liquidación do exercicio orzamentario 2016 ascende a 6.326.663,49 euros o que supón a existencia dun aforro neto positivo do 8,44% sobre os dereitos netos liquidados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados.

.- O aforro neto coa anualidade teórica de amortización calculada segundo o método francés será de 5.748.450,20€.

O aforro neto é positivo.

c.- Volume total de capital vivo.

Cabe sinalar que consonte co informe de Intervención:

- Dereitos liquidados correntes deducidos da liquidación do Presuposto do exercicio 2016, segundo as cifras dos estados contables consolidados: 91.514.655,76 €.
- Capital vivo a 31.12.16 das operacións de crédito vixentes a longo e curto prazo ascende a: 36.037.657,17 €
- % capital vivo sen ter en conta as operacións proxectadas: 39,38 %

A operación proxectada é unha operación de préstamo a longo prazo para investimento por importe de 3.600.000,00 € prevista no Presuposto Xeral do Concello para 2017. O informe da Intervención inclúe dúas operacións mais no presente exercicio por importe de 1.465.194,18 (co Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía) e 292.000,00 (coa Deputación Provincial da Coruña)

- Capital vivo das operacións de crédito vixentes, incluíndo as operacións proxectadas, ascende a 41.394.851,35 €.
- % capital vivo tendo en conta as operacións proxectadas: 45,23%.

O volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada, non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados no exercicio 2015.

d.- Informe da operación polo Interventor

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

É preceptivo o *informe previo a concertación da operación pola Interventora Municipal*. Neste informe se analizará especialmente: a capacidade do Concello para facer fronte no tempo ás obrigas que se deriven da operación; o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e débeda pública; a necesidade ou non de previa autorización dos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda ou da Comunidade Autónoma para a concertación da operación proxectada; e calquera outra cuestión que resulte relevante.

Constan no expediente: o informe de intervención 460 de data 21 de xuño de 2017 que da cumprimento ao requirimento de información para a tramitación deste expediente xunto coa documentación anexa.

Completado o expediente pasarase a Intervención para a súa fiscalización.

e.- Cumprimento das condicións de elixibilidade ao Fondo de impulso económico fixadas no artigo 50 do Real decreto lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

Estas condicións que determinan os diferenciais máximos sobre o custe de financiamento do Estado son:

- a) Que se teñan cumprido os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública;
- b) Que o período medio de pago a provedores non supere en mais de trinta días o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade durante os dous últimos meses previos á solicitude;
- c) Que estea ao corrente das obrigas de subministro de información económico - financeira.

A estes efectos se terá en conta a última información publicada na central de información económico - financeira das Administracións Públicas relativa á liquidación do orzamento, os datos relativos ao endebedamento e ao período medio de pago a provedores.

Consonte co informe da Intervención municipal 460 de 21 de xuño que da cumprimento ao requirimento de información para a tramitación deste expediente o Concello:

cumpre tanto os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública, como o período medio de pago a provedores (non supera en mais de trinta días o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade durante os dous últimos meses previos á solicitude publicados na central de información económico - financeira das Administracións Públicas, que son marzo e abril de 2017)

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

non cumpre o requirimento de estar ao corrente das súas obrigas de subministro de información económico - financeira.

f.- Vida media da operación

As operacións de endebedamento con una vida media superior aos dez anos, os diferenciais máximos establecidos sobre o custe de financiamento do Estado poderanse incrementar nun punto básico por ano adicional, ata un máximo de 15 puntos básicos adicionais.

A operación que se tramita ten unha vida media inferior aos dez anos.

3.2. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS.

A operación ten vinculación á xestión orzamentaria ao estar prevista no capítulo 9 do estado de ingresos do Orzamento Xeral para o exercicio 2017.

Deberá existir consignación orzamentaria suficiente no capítulo 3 para atender ós intereses xerados por dita operación, se ben a previsión e que non se dispoña ata o último mes do exercicio. Non é necesaria consignación orzamentaria no capítulo 9 xa que non se prevé amortización ningunha neste exercicio.

Como estamos a falar dun gasto de carácter plurianual, de conformidade ó estipulado no artigo 174.2.d) do TRLFL, deberá seguirse a tramitación correspondente a este tipo de gastos.

A concertación da operación en cuestión por este Concello queda fora do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro pola que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público.

A pesar da catalogación deste contrato como de "excluído" do ámbito da LCSP cómpre non esquecer que, en todo caso, **o Concello deberá garantir que a contratación se axusta ós principios xerais da contratación pública**, en cumprimento dos principios constitucionais de economía e eficacia do artigo 103 e, en definitiva, en garantía do interese público que xustifica a acción administrativa:

- Liberdade de acceso ás licitacións.
- Publicidade e transparencia dos procedementos.
- Non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

- Salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

3.3. ÓRGANO COMPETENTE

A competencia para concertar a operación é da Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.1.f) da Lei de bases de réxime local, segundo redacción da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

4. CONCLUSIÓNS

1.- Informo favorablemente a concertación da operación proxectada toda vez que o Orzamento está aprobado e en vigor, e se cumpren os requirimentos relativos ao aforro neto e ao volume de capital vivo, se ben deben ser analizadas no informe previo a concertación da operación polo Interventor Municipal, no que se analizarán ademais e especialmente os aspectos sinalados no punto 3.1 letra d) deste informe.

2.- *O réxime xurídico aplicable* é: o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; a Lei de bases do réxime local; a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, polo que se aproba a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira; e as normas de dereito privado. Así mesmo, son susceptibles de aplicación os principios do TRLCSP para resolver as dúbidas e lagoas que a normativa específica poida ter.

Ademais *o Concello deberá garantir que a contratación se axusta ós principios xerais da contratación pública* sinalados no punto 3 deste informe. Principios que son cumpridos coas disposicións contidas nas cláusulas do prego de prescricións técnicas e administrativas.

3.- O órgano competente para a súa aprobación é a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado no artigo 127.1.f) da Lei de bases de réxime local.

4.- A operación pode ser formalizada ante o Vicesecretario do Concello sen que sexa necesaria a intervención de notario, salvo que este requisito sexa esixido pola entidade financeira, e neste caso, os gastos serían á súa costa.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG11116W		30-06-17 08:41

5.- Se ben da análise da operación non resulta necesaria a autorización da Comunidade Autónoma, no caso de que, como consecuencia do informe da Intervención municipal, para a concertación da operación proposta fose necesaria a previa autorización dos órganos competentes da Comunidade Autónoma, os compromisos de gasto vinculados a esta operación non adquiriran firmeza en tanto en canto non se dispoña das correspondentes autorizacións (artigo 53.6 do TRLRHL).

6.- Aos efectos de garantir que a contratación se axusta ós principios xerais da contratación pública o prego recolle a invitación a participar a todas as Entidades financeira colaboradoras coa recadación, así como dar publicidade á contratación no perfil do contratante.

5. PROPOSTA

A xuízo desta Tesourería e, sen prexuízo da existencia doutras opcións, procede que a Concelleira de Facenda propoña a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- aprobar o expediente para a contratación dun préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito por importe de TRES MILLÓNS SEISCENTOS MIL EUROS (3.600.000,00 €) para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2017

SEGUNDO.- aprobar o prego de prescricións técnicas e administrativas."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

PRIMEIRO.- aprobar o expediente para a contratación dun préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito por importe de TRES MILLÓNS SEISCENTOS MIL EUROS (3.600.000,00 €) para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2017.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG11116W	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-06-17 08:41

SEGUNDO.- aprobar o prego de prescricións técnicas e administrativas.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



